

Á MESA da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que ven de sufrir Galicia en outubro de 2017

Luís Villares Naveira, Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, presentan ante esa Mesa a seguinte Proposta de Plan de traballo da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que ven de sufrir Galicia en outubro de 2017

Limiar

Galicia representa menos do 6% da superficie de España, pero na nosa comunidade prodúcese o 70% do total de incendios e arde un 56% da superficie total queimada en España. O número, superficie queimada e recurrencia en determinadas zonas dos incendios en Galicia non é natural. De feito, xunto co norte e centro de Portugal, Galicia é a única rexión atlántica europea na que os incendios forestais son un problema.

Os incendios forestais, que ano tras anos asolan o noso país, teñen custes inaceptables, vidas, vivendas, patrimonio forestal, biodiversidade, un conxunto de degradación e destrución do noso medio que precisan de accións eficaces e persistentes que eviten hipotecar o noso futuro e a nosa identidade.

Os lumes no noso país constitúen unha problemática histórica, como histórica tamén é a falta de abordamento de dita problemática. Galicia arde todos os anos, e cada poucos faino

de xeito catastrófico e dramático. O Goberno , co único obxectivo de escurrir o bulto e saír o menos perxudicado posible, opta por botarlle toda a culpa dos lumes aos "terroristas incendiarios" e a circunstancias concretas e anómalas imposibles de controlar, como a temperatura e a falta de humidade que facía nunhas determinadas datas. Trátase dun xeito vulgar e insultante de evitar abordar múltiples tarefas urxentes que contribúen á existencia da problemática dos lumes. Podemos nomear o despoboamento do rural, a deficiente ordenación territorial, a invasión de especies non autóctonas e de combustión rápida e explosiva, precarización dos servizos contra o lume...

O argumento do terrorismo incendiario é un argumento que ven sendo empregado polo Goberno da Xunta dende os 80 até o día de hoxe . Malia ser un argumento moi recorrente, nunca se conseguiu acreditar que exista algunha sorte de trama ou organización incendiaria en Galicia. A realidade é que 3 décadas despois non se coñece ningunha trama incendiaria, e o monte do país segue a arder cada verán. Por isto, urxe poñer as cartas sobre a mesa e afrontar o reto, non menor, de abordar unha das máis grandes problemáticas de Galicia.

Somos conscientes da multifactorialidade existente detrás dos lumes dende a prevención, a extinción, a ordenación do territorio ou a política agraria. A expansión do eucalipto e especies alóctonas para o seu uso na industria papeleira entre outros, a falta dunha política de prevención, a falta de ordenación do territorio ou a precarización dos dispositivos de loita contra os incendios son algunhas das claves para entender a situación que se viviu en Galicia.

Evidéncianse a necesidade de mellorar a nosa capacidade organizativa incapaz de atender situacións de crise como as vividas nos pasados meses, precisamos analizar as posibilidades de implantación dun sistema de emerxencias e extinción, unificado, público, homoxéneo, que impida a repetición deste drama. Levamos anos de atraso na toma de decisións neste campo.

Estas eivas nos servizos de emerxencias e a incapacidade para facerlle fronte á situación non son o único problema: O lume en Galicia é estrutural, e como tal, non ten unha solución doada nin moito menos rápida.

Unha das causas estruturais dos incendios é un modelo de país sustentado no exterminio planificado do medio rural: o actual deseño do país o que fai é botar á xente dos entornos rurais, o que provoca unha xestión do monte menos eficiente e máis propicia aos incendios.

Pretendese que a xente abandone o rural e que outro tipo de actores invistan diñeiro. Esa é a política do goberno, con leis como a de Fomento de Iniciativas Empresariais, apodada “Lei de Depredación de Galicia”, recentemente aprobada no Parlamento (o 19 de outubro), que fomenta a liberalización do solo, pondo o territorio ao servizo de calquera proxecto mineiro-extractivista interesado e ademais, arrogase o dereito de expropiación en base a difusos intereses xerais.

A falta de ordenación e a pésima xestión forestal converten aos montes galegos en pura gasolina. Fai falla autocrítica xa que, sen aportar solucións eficientes, isto continuará pasando ano tras ano

A Comisión Europea destina a Galicia 39,5 millóns de euros para a adaptación ao cambio climático e prevención de riscos, incluída a xestión dos incendios forestais, durante o período 2014-2020 a través dos fondos FEDER. Supoñen, aproximadamente, o 4,5% da cifra total dos arredor de 900 millóns destas achegas comunitarias que xestiona a CC.AA. Agora, esta comisión debería estudar se a Xunta fai unha aplicación axeitada ou non destes fondos logo.

Debemos analizar tamén o papel dos medios públicos neste caso, a TVG non cumpriu o seu obxectivo, incorrendo nunha perigosa deixadez de funcións: a súa obriga, como medio público, era a de estar informando tanto por televisión como por radio e redes sociais do

estado dos incendios e transmitíndolle á poboación as indicacións das autoridades e das persoas responsables da extinción, coa finalidade de garantir a seguridade e a supervivencia da veciñanza das zonas máis afectadas.

Xa se perderon moitos anos pondo parches sen chegar á orixe do problema, temos a oportunidade de chegar a un gran PACTO NACIONAL POLO TERRITORIO.

Será vital recordar o carácter estratéxico da superficie agraria útil e o seu mantemento, especialmente das terras de elevada aptitude agrícola, escasas e carentes dunha adecuada protección na actualidade. En sintonía co anterior, avanzar na ordenación forestal e do bosque, conciliando as funcións produtivas e protectoras e conciliando os intereses individuais cos sociais. A integración das actividades agrogandeiras e forestais, sexa con dimensión produtiva ou conservativa, farase con visión territorial.

Debemos abordar con eficacia e decisión a ordenación e xestión das interfaces urbano-rurais, especialmente no tocante aos usos residenciais e de infraestruturas básicas. O éxito neste eido dependerá da axeitada combinación na aplicación da lexislación así como de medidas de fomento innovadoras que revitalicen estes espazos de transición.

A nova política forestal debe deixar de ser so forestal para ser unha política do monte. Baseada nunha xestión forestal con intelixencia feminista, ecoloxista....

Plan de Traballo

Para acadar obxectivos válidos para acabar con este problema que sofre o país, cómpre analizar en primeiro lugar, toda a información e documentación traballada nas lexislaturas pasadas co fin de coñecer os datos existentes para actualizalos e, así mesmo, coñecer tamén os datos que faltan e que serían necesarios á hora de traballar nesta materia.

É especialmente importante identificar os principais elementos que teñen derivado no evidente aumento da vulnerabilidade territorial fronte aos lumes. Especialmente, ten que ser prioritario abordar aquelas causas estruturais que veñen provocando un aumento descontrolado e desordenado da biomasa combustible en cada vez máis amplas do país.

Paralelamente é fundamental reflexionar en clave de futuro e ter en consideración os escenarios para Galicia no marco do cambio climático. As accións que se tomen teñen que preparar o territorio para un eventual incremento dos fenómenos meteorolóxicos extremos e, en xeral, para un clima máis proio para a aparición e propagación de grandes lumes territoriais.

O segundo paso é importante coñecer a todos aqueles axentes sociais que poidan achegar opinións, experiencias e coñecementos para un mellor desenvolvemento. A participación cidadá deberá garantirse.

O terceiro paso debe ser o de proceder ás comparecencias tanto dos e das responsables políticas, coma dos axentes sociais e doutras institucións implicadas, así como de tódolos profesionais da parte técnica e científica que poidan aportar elementos de debate e propostas de acción a esta comisión .

E, por último, o terceiro paso constitúe a elaboración dunhas conclusións e dun catálogo de propostas e recomendacións ás administracións competentes que sexa elaborado con consenso dunha maioría cualificada da comisión. Ditas propostas deberán incluír uns indicadores verificables para a posterior avaliación tanto do curso da execución das medidas como do seu grao de cumprimento nos prazos fixados. Ademais, incorporarán as previsións para unha axeitada difusión tanto entre as administracións como na sociedade no seu conxunto.

1) Información e documentación

Solicitudes de información e documentación que consideramos necesarias.

1. Datos de execución do actual Plan Forestal de Galicia.

1bis. Datos sobre evolución dos usos da terra, e da composición forestal dos mesmos, en Galicia nas últimas décadas e as súas implicacións para a vulnerabilidade territorial fronte a incendios.

2. Datos de execución do PLADIGA.

3. Datos de execución do INFOGA.

4. Datos de execución do PLATERGA.

5. Datos de execución do PEIFOGA.

6. Informe sobre a contratación de traballadores do SPDCIF.

7. Informe sobre a contratación de medios aéreos de extinción e os concursos públicos de concesión.

8. Auditoría das axudas concedidas a concellos para a participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de vehículos motobomba de propiedade municipal.

9. Auditoría das axudas concedidas a Concellos para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa.

10. Auditoría das axudas concedidas a Concellos para a participación na prevención de incendios forestais mediante a realización de tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal.

11. Informe sobre as medidas de protección e minoración do risco de incendios no plan forestal de Galicia.

12. Informes relativos ao desenvolvemento dos incendios e aos dispositivos empregados, no período da vaga de lumes de Outubro.

13. Informe sobre a solicitude de medios a Comunidades Autónomas.

14. Informe sobre a solicitude de medios ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
15. Informe de Protección Civil dos medios mobilizados, evacuacións e demais operativos.
16. Informe sobre as perdas económicas dos lumes sobre a economía galega.
17. Informe sobre o impacto medioambiental.
18. Informe sobre as medidas levadas a cabo para evitar a erosión posterior.
19. Informes/Auditoría sobre sobre os fondos asociados ao obxectivo temático 5 do Programa operativo FEDER 2014-2020: "Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos".
20. Informe sobre o cumprimento dos obxectivos do PDR Galicia 2014-2020 (co-financiados co FEADER) en relación ao reforzo das estratexias de prevención contra incendios forestais e da recuperación de las zonas danadas por eles.
21. Informe sobre os procesos de Concentración Parcelaria
22. Auditoría sobre resultados e utilización do Banco de Terras.
23. Auditoría sobre a Dirección Xeral de Ordenación Forestal (mecanismos de xestión, prazos autorización de licenzas e tramitación de sancións , situación dos plans de xestión ...)
24. Informe IET sobre impacto paisaxístico.
25. Informe da Secretaria Xeral de Urbanismo sobre a calificación dos solos involucrados na vaga de Lumes.
26. Informe da Dirección Xeral de Patrimonio sobre o estado dos bens afectados.
27. Informe sobre as medidas contra incendios existentes e plans de prevención específicos para lumes das infraestruturas do país: ADIF, AP-9, ...
28. Informes sobre os escenarios de cambio climático existentes para Galicia e posibles consecuencias para o risco dos lumes.

2) Participación cidadá

E importante coñecer a todos aqueles axentes sociais que poidan achegar opinións, experiencias e coñecementos para un mellor desenvolvemento. A participación cidadá deberá garantirse, de entre outros mecanismos, habilitando unha plataforma dentro da páxina web do Parlamento. A través dela, a cidadanía terá a posibilidade de trasladar suxestións, inquedanzas e reflexións ao respecto da materia desta Comisión.

3) Comparecencias

- Persoas do Manifesto "POR UNHA NOVA POLÍTICA PARA O RURAL"
- Atrifoga
- Aprafoga
- Sindicatos, representantes dos traballadores do SPDCIF
- FEGAMP
- Asociación Galega de Grupos de Desenvolvemento Rural
- Sindicatos Maioritarios de Galicia
- Representación sindical 112 Galicia
- Sindicatos Agrarios.
- Organización Galega de Comunidades de montes veciñais e man común (Xose Alfredo Pereiro).
- Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia
- Asociacións ecoloxistas:
 - ADEGA
 - Verdegaia
 - Amigos Da Terra
 - Sociedade Galega de Historia Natural (Serafín González Prieto).

- PROMAGAL (Ramón Reimunde Noreña)
- María Loureiro (economista, ligada á USC que fixo unha análise económica sobre o que se gasta en lumes e tal e o que se gaña co forestal).
- Colectivo A Rula (Antón Bouzas).
- Mariña Patrimonio.
- José Guitián (profesor de Ecoloxía da USC) e a Javier Guitián (profesor de Botánica tamén da USC), para ver como afectan os cultivos forestais ao medio natural.
- Xoan Carlos Carreira.
- Asociación de bombeiros de Vigo(Miguel).
- Comunidades de Montes específicas.
- Edelmiro López Iglesias
- Gonzalo Flores Calvete / Investigador Mabegondo
- Juan Fernando Castro Insua/ Investigador Mabegondo
- Xabier Bruña García / medio Rural OAC Lugo
- Xabier Vázquez Pumariño/ Biólogo, Consultor medioambiental. Movemento ecoloxista
- Vanesa Castro López/ Montenoso
- Inés Santé Rivera / Directora Instituto de estudos do territorio
- María Cruz Ferreira Costa /Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
- Óscar Rivas López /Asociación Galega de Custodia do Territorio
- Xabier Simón (UVigo, economía)
- Gonzalo Rodríguez (USC Economía)
- Eloi Villada Legaspi. Presidente da Sociedade Galega de Pastos e forraxes
- José María Tubío, investigador no Laboratorio do Territorio. USC
- Francisco Ónega. Investigador no Laboratorio do Territorio . USC
- Xosé Constenla. Xeógrafo. Profesor na UVigo
- Rubén Lois. Urbanista. Profesor na USC

- Antonio Rigueiro Rodríguez, Catedrático do Dpto. De Produción Vexetal e Proxectos de Enxeñería, USC
- Fernando Valladares Ros, CSIC
- Xavier Labandeira, investigador grupo REDE, Universidade de Vigo
- Alberto Martí Ezpeleta, Profesor Xeografía Física, USC
- PLAVADI
- Comité do SPDCIF.
- Comité de SEAGA.
- Representantes Protección Civil
- Representantes Sindicais Policías Locais (concellos afectados gravemente pola vaga de lumes)
- Representantes dos Gobernos Municipais de :
 - Gondomar
 - Lalín
 - Pazos de Borbén
 - Cangas
 - Nigrán
 - Ribadavia
 - Mondariz
 - Manzaneda
 - Salceda de Caselas
 - As Neves
 - Ponte Caldelas
 - Carballeda de Avia
 - Cervantes

4) Elaboración do documento e conclusións

Con carácter previo a elaboración e posterior aprobación do ditame da comisión, por maioría cualificada designará un grupo de expertos e comparecentes que realicen un informe previo de conclusións finais, que sirva de base para a elaboración do ditame da comisión.

O documento debe ser a síntese do diálogo coa sociedade civil. Cómpre darlle forma a este debate a partir dos datos traballados e das achegas da representación da sociedade civil organizada, e avanzar medidas que poidan ser aplicadas polas diferentes institucións de goberno galegas dentro do seu marco competencial.

Cómpre, en definitiva, establecer iniciativas lexislativas que dean forma a esas achegas, ademais de aquelas propostas en materia orzamentaria, técnica, formativa que se consideren de interese.

Temos diante nosa unha oportunidade de chegar a un gran pacto nacional polo territorio (forestal, agropecuario, ordenación territorial e urbanística, vertebración do territorio) que garanta un rural vivo que a xente poida habitar con dignidade, afrontar o cambio climático de xeito transversal tendo en conta que as secas non son estacionais, incorporar unha nova política forestal apostando pola multifuncionalidade do monte, afrontar unha nova política agrogandeira recuperando terreos agrícolas abandonados ou transformados de xeito infame en grandes eucaliptais que agora ameazan a vida das persoas, así como o deseño dunha mellor transición entre o territorio urbano e periurbano, corrixindo erros que permitiron que o lume chegase desde o monte ao centro das cidades.

Por último, dende En Marea, cremos indispensábel que o documento de conclusións debe achegarnos a un acordo unánime no Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 20/12/2017 17:53:41

Paula Quinteiro Araújo na data 20/12/2017 17:53:51

David Rodríguez Estévez na data 20/12/2017 17:53:57